



**BECAS**

**FORMACIÓN  
COMPLEMENTARIA  
2019**

Centro de formación e experimentación  
agroforestal de **Guísamo**

Lugar de Bos, nº14, 15640 Guísamo, Bergondo (A Coruña)  
Tel. 881 881 057 / 881 881 043. Fax. 881 881 044  
[www.cfeaguisamo.org](http://www.cfeaguisamo.org) / [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es)

**Formación agroforestal**

**PROJ GANDO**

FUNDACIÓN  
JUANA DE VEGA

## **OBXECTO DAS AXUDAS.**

O Centro de formación e experimentación agroforestal de Guísamo, a empresa PROGANDO e a Fundación Juana de Vega, cón fin de favorecer a formación complementaria do estudantado, desenvolvendo a súa preparación teórica e práctica, fai pública a convocatoria de bolsas destinadas a esta finalidade, 6 financiadas por PROGANDO e 12 pola Fundación Juana de Vega, para matrícula nos cursos de Básico de Viticultura e Enoloxía, Cualificado de Viticultura e Enoloxía e Bases técnicas para o desenvolvemento da fruticultura en Galicia, coorganizados pola Fundación Juana de Vega e o CFEA de Guísamo.

O reparto de bolsas se especifica no Anexo I

## **CONTÍA.**

O importe da axuda serán os custos da matrícula.

## **REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

As persoas solicitantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

## **BOLSAS PROGANDO.**

- Estar matriculado no curso 2018/2019 no Centro de formación e experimentación agroforestal de Guísamo, no 2º curso do Ciclo formativo de grao medio Xardinaría e floraría e/ou Ciclo formativo de grao superior Paisaxismo e medio rural.

## **BOLSAS FUNDACIÓN JUANA DE VEGA**

- Estar matriculado no curso 2018/2019 no Centro de formación e experimentación agroforestal de Guísamo, no 2º curso do Ciclo formativo de grao medio Xardinaría e floraría e/ou Ciclo formativo de grao superior Paisaxismo e medio rural.

- Recentemente titulados, inclúe titulados no ano académico 2017/18 e no 2018/19 na convocatoria de decembro no CFEA de Guísamo, no Ciclo formativo de grao medio Xardinaría e floraría e/ou Ciclo formativo de grao superior Paisaxismo e medio rural. Para o alumnado do ciclo superior tamén se inclúen aqueles que tendo aprobados tódolos módulos do ciclo, estean pendentes de superar o Proxecto Fin de Ciclo. Terán preferencia xs tituladxs

## **CONDICIÓN DA BOLSA.**

A persoa solicitante poderá presentar candidatura aos diversos cursos debendo optar, no caso de ser seleccionada, a un deles. So se poderá percibir bolsa para máis dun curso, no caso de que queden bolsas desertas.

## **INCOMPATIBILIDADES.**

Recibir o ter solicitado outra axuda coa mesma finalidade.



## **FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes deberán formalizarse según modelo Anexo II, e ser entregado na Secretaría do CFEA de Guísamo ou enviar por e-mail a [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es)

Ao Anexo II deberá acompañarse certificación académica coas cualificacións obtidas e convocatoria. A certificación farase según os últimos datos que posua o CFEA de Guísamo.

Declaración xurada según Anexo III, de non contar con ningunha axuda económica incompatible.

O prazo de presentación será de 10 días naturais a partir da publicación da convocatoria, na web [www.cfeaguisamo.org](http://www.cfeaguisamo.org).

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN.**

Seguirase un único criterio, que será o expediente académico, tendo en conta a nota media simple.

No caso de que existan solicitantes coa mesma puntuación, usaranse como criterios de desempate: en primeiro lugar, terán prioridade as mulleres, e en segundo lugar, a maior idade dxs solicitantes.

## **ADXUDICACIÓN**

Para a adxudicación, elaborase unha lista definitiva de posibles bolseirxs, ordeadx segundo a titulación e a puntuación, procedendo a continuación a unha convocatoria para elección da acción formativa.

## **ACEPTACIÓN OU RENUNCIA.**

A aceptación da bolsa, farase no momento da elección do curso na que a persoa estea interesada, comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

No caso de renuncia, esta deberase efectuar no prazo de 3 días hábiles antes do inicio do curso.

Todas as baixas que se produciren, serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe elaborada.

## **OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS.**

As persoas bolseiras comprométense a realizar a actividade formativa.

Unha ausencia inxustificada superior a un 10 % da duración do curso, suporá a perda do dereito a recibir o diploma de asistencia.

A ausencia inxustificada superior a un 15 % da duración do curso trae asociada a baixa de oficio.

## **CAUSAS DE FALTAS XUSTIFICADAS**

- 1.- Asistencia a consultas médicas do alumnado. *Xustificante de asistencia sanitaria*
- 2.- Enfermidade ou hospitalización do alumnado. *Xustificante ou certificación*
- 3.- Hospitalización ou falecemento de familiar ata 2º grao inclusive. *Xustificante ou certificación*
- 4.- Contrato laboral. *Contrato de traballo*
- 5.- Asistencia a exames finais oficiais. *Xustificante de asistencia*
- 6.- Deber inexcusable de carácter público e persoal. *Xustificante correspondente que inclua a causa de ausencia.*

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases pode supoñer o reintegro das cantidades percibidas.





## ANEXO I

BECAS PROGANDO	1º CFGM Xardinaría e floraría	2º CFGM Xardinaría e floraría	2º CFGS Paisaxismo e medio rural
Básico de viticultura e enoloxía	1	2	
Cualificado de viticultura e enoloxía			1
Bases técnicas para o desenvolvemento da fruticultura en Galicia		2	

BECAS FUNDACIÓN JUANA DE VEGA	1º CFGM Xardinaría e floraría	2º CFGM Xardinaría e floraría	2º CFGS Paisaxismo e medio rural	Recentemente titulados
Básico de viticultura e enoloxía	2	1		1
Cualificado de viticultura e enoloxía			2	2 (*)
Bases técnicas para o desenvolvemento da fruticultura en Galicia		2		2



## DATOS DO SOLICITANTE

APELLIDOS: [ ]		NOME: [ ]		DNI: [ ]
ENDEREZO-LUGAR: [ ]			CONCELLO: [ ]	
PROVINCIA: [ ]	CÓDIGO POSTAL: [ ]	TELÉFONO: [ ]	E-MAIL: [ ]	DATA DE NACEMENTO: [ ]

## ESTUDOS

<input type="checkbox"/> CFMG Xardinaria e floraría (2º9)	<input type="checkbox"/> CFGS Paisaxismo e Medio Rural (2º)	<input type="checkbox"/> Recentemente titulad@s.
---	---	--

## CURSOS SOLICITADOS

(Establecer unha orde de prioridade numerando do 1 ao 3)

<input type="checkbox"/> Básico de Viticultura e Enoloxía	<input type="checkbox"/> Cualificado de Viticultura e Enoloxía	<input type="checkbox"/> Froiticultura: Elaboración de s/dra.
---	--	---

## DOCUMENTACION PRESENTADA

<input type="checkbox"/> Certificación académica	<input type="checkbox"/> Declaración xurada	<input type="checkbox"/> Outros
--	---	---------------------------------

Sinatura do solicitante ou persoa que o represente.

[ ], a [ ] de [ ] de



## ANEXO III.

APELLIDOS: [ ]		NOME: [ ]		DNI: [ ]	
ENDEREZO-LUGAR: [ ]				CONCELLO: [ ]	
PROVINCIA: [ ]	CÓDIGO POSTAL: [ ]	TELÉFONO: [ ]	E-MAIL: [ ]		DATA DE NACEMENTO: [ ]

Para adxuntar á documentación requirida na convocatoria de becas, para os cursos coorganizados entre a Fundación Juana de Vega e o Centro de formación e experimentación agroforestal de Guisamo.

Declaro que non teño solicitado nengunha axuda económica, que sexa incompatible coas becas convocadas.

Sinatura do solicitante ou persoa que o represente.

[ ] , a [ ] de [ ] de [ ]

